



CIRCULAR 63-2012

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN PISTA

Pistas de la Universidad de Santiago. Santiago de Compostela

01 de decembro do 2012

Art.1) A delegación da FGA en Santiago de Compostela, organiza para o día 01 de decembro do 2012 nas pistas de atletismo da Universidad de Santiago de Compostela o Campionato Galego de Marcha en Pista.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2012/13) por algún Clube pertencente Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras CCAA.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros* convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaránse ata o martes día 27 de novembro vía online na páxina web da FGA www.atletismogalego.org.

Art.4) Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados das categorías: benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa e veteráns (Maiores de 35 anos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas. Asemade, entregaranse medalla aos tres primeiros atletas da clasificación absoluta na proba dos 5 km.

Art.6) Os atletas deberán empregarlo dorsal otorgado pola organización de forma totalmente visible en toda a superficie e no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.7) O horario e distancias do campionato e o seguinte:

HORARIO E DISTANCIAS

11:45 HORAS	1 km Benxamín	Mulleres (Rúa 1)
	1 km Benxamín	Homes (Rúa 5)
12:00 HORAS	2 km Alevín	Mulleres (Rúa 1)
	2 km Alevín	Homes (Rúa 5)



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

12:20 HORAS	3 km Inf/Cad	Mulleres (Rúa 1)
	3 km Inf/Cad	Homes (Rúa 5)
12:45 HORAS	5 km xv/ Jn /Pr /Sen /Vet	Mulleres (Rúa 1)
	5 km xv / jn / pr /Sen / Vet	Homes (Rúa 5)

Art.8) Tódalas inscricións deberán ser feitas polos clubs dos atletas. A FGA sancionará cun importe de **3 euros/atleta** a aqueles clubs que inscriban aos seus atletas e que estes posteriormente non participen. Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a secgeneral@fgatletismo.com sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Art.9) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase dacordo cas normas da I.A.A.F.

A Coruña, 5 de novembro do 2012
Víctor Arufe Giraldez
Secretario Xeral Federación Galega Atletismo